

AS PROBLEMÁTICAS DA CONTAMINACIÓN POR NITRATOS E AS PLANTAS DE BIOGÁS

Análise e propostas de ADEGA

O marco normativo:

Xa desde os anos 90 do pasado século coa **Directiva 91/676/CEE**, púxose de manifesto a necesidade de protexer as augas contra a contaminación producida polos nitratos de orixe agraria. Esta norma foi transposta ao ordenamento xurídico estatal mediante o **RD 261/1996**. Entre as obrigas que impón figura a necesidade de que os Estados identifiquen as augas afectadas pola contaminación por nitratos de orixe agraria; designen zonas vulnerábeis en base a determinados criterios e poñan en marcha programas de actuación para eliminar ou reducir os efectos dos nitratos nas augas. O cumprimento destas medidas deberase revisar cada 4 anos.

Por outra banda, no ano 2000 aprobouse a **Directiva Marco da Auga (2000/60/CE)**, que establecía o marco para a protección das augas continentais, de transición, soterradas e costeiras, establecéronse unha serie de medidas e controis nos planos hidrolóxicos de bacía para acadar os obxectivos ambientais nas súas masas de augas.

Co obxecto de sintonizar estas dúas directivas (Nitratos e DMA) aprobouse en 2022 o **RD 47/2022** que substitúe e amplía o RD 261/1996. Neste senso, e aínda que o obxectivo segue a ser a redución da contaminación por nitratos, considera tamén outras substancias que como o fósforo contribúen tamén á eutrofización das augas. Outra das modificacións desta norma na liña do establecido na DMA é a identificar como augas afectadas aquelas que polo seu nivel de nitratos non acaden os obxectivos ambientais para dita masa, coincidindo co diagnóstico cuadrienal requirido pola directiva de nitratos. Tamén se rebaixan os limiares de nitratos e se endurecen os requisitos nos programas de seguimento desta contaminación.

Estes limiares son, para declarar augas afectadas por nitratos:

- Augas superficiais: 25 mg/l ou o que resulte máis esixente, con respecto ao marcado para acadar o bo estado ou o bo potencial (anexo II RD 817/2015, que establece os criterios de seguimento e avaliación do estado das augas superficiais e as normas de calidade ambiental).

- Augas soterradas: 37,5 mg/l.

- Encoros, lagos, charcas, esteiros e augas de transición e costeiras: as que se encontren en estado eutrófico ou podan eutrofizarse de non actuar. Entenderase que as augas están eutrofizadas a partir da avaliación conforme ao RD 817/2015.

O RD 47/2022 define tamén as **zonas vulnerábeis** como todas as superficies cuxa escorrenta flúa cara as augas afectadas por nitratos e que contribúan, aínda minimamente, á súa contaminación. Estas ZZVV serán designadas polas comunidades autónomas, tendo de prazo 3 anos desde a publicación no BOE do anuncio por parte do Estado dos mapas coa localización das augas afectadas ou potencialmente afectadas. Esta publicación fíxose o 21 de maio de 2022, polo que dito prazo rematou en maio de 2025.

A anterior norma establece tamén a necesidade de que, nos dous anos seguintes á designación de ZZVV, as CCAA establecerán e porán en práctica **programas de actuación** cuatrienais para previr e reducir a contaminación por nitratos. Nestes programas de actuación especificarase a normativa para o **abonado agrario** que, con carácter xeral, establece un límite de 210 kg de

nitróxeno por hectárea e ano, no primeiro cuatrienio da zona vulnerábel, e de 170 kg/ha e ano para os seguintes.

As actuacións da Xunta:

Desde a entrada en vigor do primeiro RD 261/1996 e até abril de 2025, a Xunta non declarou ningunha zona vulnerábel. É máis, no ano 2000, data na que vencía o primeiro prazo cuadrienal para efectuar a declaración/revisión das ZZVV, a Xunta publicou unha Resolución (12 de abril de 2000) pola que declaraba formalmente a non designación de ZZVV en Galiza.

Malia á existencia de áreas cunha alta carga gandeira, problemas de contaminación por unha deficiente xestión dos xurros ou eutrofización (A Limia, encoro das Cunchas, encoro de Caldas...), postos de manifesto polas análíticas de seguimento dos planos de bacía, ao longo dos sucesivos períodos de revisión (2004-2007; 2008-2011 e 2012-2015) o Goberno Galego seguiu sen actuar e sen declarar zona vulnerable algunha.

No informe de seguimento da Directiva 91/676/CEE para o período **2016-2019**, o Estado daba conta que a Xunta seguía sen declarar ningunha zona vulnerábel. Informaba tamén de que a Comisión Europea, abriu un procedemento sancionador (nº 2018/2250) pola presenza de niveis significativos de eutrofia en varios puntos das bacías internas de Galiza, e da consecuente urxencia de declarar ZZVV.

Naquela altura a Xunta comunicou ao organismo estatal que xa licitara a redacción dun estudo, referido a 12 encoros da demarcación de Galiza-Costa, para concretar os factores responsábeis dos impactos observados. Os resultados dese estudo servirían para propór actuacións e medidas correctoras. ADEGA solicitou a Augas acceder aos resultados dese estudo, sen resposta até o momento. Nin no DOG nin na plataforma de contratos de Galiza figura referencia algunha a terse licitado o antedito estudo.

No último informe de seguimento, correspondente ao período **2020-2023**, a Xunta seguen sen actuar e sen declarar zona vulnerable algunha. O Ministerio voltou a sinalar que no procedemento sancionador nº 2018/2250, aínda que non correspondía unha sanción a Galiza por un “problema formal” (descoñecemos cal), si existía unha insuficiente declaración de ZZVV. A Xunta argumentou que non se procedera á declaración porque pretendía facelo tendo en conta os valores de augas afectadas do cuatrienio 2016-2019 e que estaba a traballar nesa declaración.

Como o 22 de maio de 2022 a Dirección Xeral da Auga do Ministerio de Transición Ecolóxica publicou os mapas de augas afectadas por contaminación difusa, sinalando o elevado número de encoros eutrofizados en Galiza, a Xunta informou da realización dun estudo específico para intentar determinar a orixe desta eutrofización (estudo similar ao que xa informara que licitou no período anterior) porque consideraba que en moitos deses encoros a contaminación agraria non debería ser significativa.

O Goberno Galego comunicou tamén ao Ministerio que o Consello da Xunta na reunión do 6/10/2022 acordou crear un grupo de traballo interdepartamental para a identificación das principais presións que poidan afectar á eutrofización das masas de auga e a definición dun plano de acción para a súa redución. Informaba tamén que viña de contratar por 340.914,79 € un servizo técnico para o seguimento da Directiva 91/676/CEE, así como dos estudos das medidas correctoras para minimizar os efectos da contaminación sobre o medio acuático. En función dos seus

resultados estableceríanse as ZZVV e os planos de actuación denantes de rematar o prazo legal (maio de 2025).

Dita encomenda foi adxudicada o 28/9/2023 a TRAGSA (e publicitada no DOG nº 31 do 13/2/2024) polo importe de 340.914,79 €, e con vixencia até o 31/12/2025. Desde ADEGA solicitamos tamén os resultados desta encomenda. A D. X. de gandería informou no verán de 2025 que o traballo aínda estaba en elaboración. Un ano despois voltamos a solicitar os resultados de dito estudo, aínda sen resposta.

En xullo de 2025 a Xunta abriu unha consulta pública (durante 15 días) para avaliar o anteproxecto de decreto sobre contaminación por nitratos de orixe agraria, sinalando 7 zonas vulnerábeis. A día de hoxe (xullo de 2026) dito decreto non está aínda aprobado, non houbo actuación algunha por parte da Xunta e as ZZVV seguen sen seren designadas.

Sen publicar os resultados desta consulta e sen aprobar a regulamentación anunciada no seu momento, en xullo de 2026 a Xunta volveu a sacar a consulta o mesmo proxecto de Decreto.

A valoración e análise de ADEGA:

O interese da Xunta por abordar a problemática da contaminación por nitratos foi nula. A administración galega seguiu a estratexia da avestruz e decidiu desde ano 2000 até 2022 ignorar oficialmente o problema, malia ás continuas evidencias de que en Galiza a contaminación por nitratos e a eutrofización das masas de auga ía a máis. Os numerosos e cada vez máis frecuentes episodios de eutrofización detectados nos encoros e masas de auga galegas apuntan tamén á crecente dimensión do problema e son consecuencia directa da irresponsábel inacción da Xunta.

Os datos dos informes de seguemento da contaminación por nitratos dos dous últimos cuadrienios (Dirección Xeral da Auga do Ministerio de Transición Ecolóxica) amosan que de media en Galiza hai un exceso de nitróxeno de arredor de 40 kg/ha, así como un exceso de fósforo duns 15 kg/ha. Por sectores, a carga total de nitróxeno distribúese en Galiza entre o sector agrario (80%), as augas residuais urbanas (17%) e as verteduras industriais (3%).

Agochar o problema primeiro e adiar a toma de medidas para resolvelo despois, mentres seguía permitindo a instalación de explotacións gandeiras sen terra e a entrega de xurros a xestor autorizado, foi o *modus operandi* desta Xunta, absolutamente irresponsable fronte á contaminación do solo e das augas. Para o caso da contaminación por nitratos, esta é a peor estratexia posíbel xa que a curto prazo resulta moi difícil de reverter esta contaminación nas augas, particularmente nas soterradas, e as medidas de redución poden tardar décadas en seren efectivas.

Mesmo despois de que un procedemento de infracción voltara a pór en evidencia o desleixo da Xunta polo cumprimento da Directiva de nitratos, a administración galega seguiu adiando a toma de medidas até febreiro de 2024, cando licitou un estudo. Diante dos requirimentos do Ministerio e da Comisión Europea, a Xunta pareceu máis preocupada por eludir a súa responsabilidade con escusas (a contaminación por nitratos non está demostrado que proveñan da actividade agraria) e anuncios falsos (dúas consultas públicas en dous anos para a mesma norma que nunca sacou), que en cumprir coas súas obrigas de garantir a calidade das augas e a saúde da poboación.

Fronte a esta situación, a Xunta pretende ofrecer agora como solución a promoción de grandes plantas de biometanización (dixestión anaerobia) para dar saída aos excedentes de xurro das explotacións gandeiras e reducir, así, a cantidade de nitratos que chegan ás augas provinte destas fontes. Porén, as grandes instalacións industriais que se están promovendo na actualidade sen planificación de ningún tipo, están orientadas exclusivamente a participar do negocio do biometano para usos enerxéticos. Estas instalacións non van poder servir para reducir a carga de nitratos, xa que terán que xestionar unha enorme cantidade de dixestato, no que se concentra o nitróxeno e o fósforo, que en función do proceso aplicado pode non ser apto para o seu uso no solo.

Os proxectos presentados até o de agora non deron unha axeitada resposta a este e a outros aspectos do proceso (recuperación de materia orgánica, enerxía, auga, xestión de metais pesados, fitosanitarios, antibióticos...), obviando tamén cuestións chave como o fomento da redución da produción de xurros, as fugas de metanos e outros gases, ou a descentralización e a circularidade e balanço enerxético nas propias explotacións.

Xa que logo, desde ADEGA facemos as seguintes **reflexións**:

- A contaminación das augas por nitratos é un grave problema ambiental que pode afectar tamén á calidade de vida e á saúde das persoas. Cómpre abordalo sen máis dilacións cumprindo ás disposicións da Directiva de Nitratos 91/676/CEE, declarando ZZVV e aprobando os correspondentes programas de actuación e os códigos de boas prácticas para esas zonas.

- As malas prácticas agrarias nas explotacións gandeiras sen terra son unha moi importante fonte de contaminación do solo e das augas con nitratos e outras substancias eutrofizantes polo excesivo uso de fertilizantes químicos e polo exceso de produción e a mala xestión dos xurros. Este problema ten a ver cun modelo que acredita nun continuo incremento da intensificación produtiva, desligado da terra dispoñíbel. Arestora, unha maior produtividade lígase ao uso de máis fertilizantes e fitosanitarios, que necesariamente producen excedentes que acaban nas augas e nos ecosistemas. Por iso, para manter unha actividade labrega sustentábel que ademais fixe poboación no rural, cómpre diversificar a produción máis aló do modelo intensivo de leite e carne, sen descartar a produción descentralizada de biogás, considerando novos obxectivos e ingresos, e mesmo o fornecemento de servizos ecosistémicos por parte do sector ao conxunto da sociedade.

- A produción de biogás por dixestión anaerobia, a partir dos residuos agrogandeiros e de forma distribuída ou descentralizada, podería ser unha vía importante para a redución dos custos enerxéticos das explotacións, así como a pegada de carbono, baixando o impacto das explotacións no cambio climático. Esta vía lévase reclamando desde hai décadas polo ecoloxismo, e debería ter sido fomentada pola Xunta como seu veu facendo noutros países, do que é exemplo Alemaña, entre outros.

Pola contra, a promoción dunha industria do biogás concibida como grandes plantas centralizadas en poder das multinacionais enerxéticas perde todos estes beneficios. Carga os custos económicos no sector gandeiro, ao atribuírlle a obriga de pagar polo tratamento deses residuos, e aprópiase das plusvalías. Desde o punto de vista ambiental, da descarbonización, as emisións do transporte dos xurros líquidos desde as granxas á planta centralizada anulan os potenciais efectos beneficiosos. Compre aclarar, unha vez máis, que a dixestión anaerobia dos xurros non reduce as cargas de nitróxeno e outros fertilizantes, polo que a súa consideración non garda relación co problema dos nitratos e a declaración ou non de zonas vulnerábeis.

-Apostamos por un modelo agrogandeiro en base á terra no que o tamaño das explotacións (carga gandeira) estea condicionado pola superficie dispoñíbel e non pola intensificación da produción. Deste xeito, fomentando ademais a prevención, a redución, a reutilización e a reciclaxe na mesma explotación garántese unha produción e un uso sustentábel dos xurros *in situ*. Desde a administración debería promover tamén un Plano galego de xestión integrada das explotacións gandeiras que fomente modalidades de xestión combinada de xurros e terra agraria para pór a disposición das explotacións o solo que precisen.

Propostas de ADEGA sobre os xurros e as macroplantas de biogás:

1. Moratoria firme para a gandería sen terra, non autorizando ningunha nova explotación gandeira que non acredite dispor de terra dabondo, en propiedade ou en aluguer, para a xestión adecuada de todos os xurros que xere, sen que se poida aceptar, pois, a cesión dos xurros a xestor autorizado.

2. En zonas como a Limia ou a comarca do Deza que xa teñen superado con moito a carga gandeira por hectárea de superficie agraria útil, faise necesario elaborar e executar un Plan de Vulnerabilidade orientado a reducir a carga gandeira e a pór a disposición das explotacións a terra necesaria para a xestión adecuada dos xurros.

3. Os proxectos de plantas de biogás e biometano que neste momento se están a promover en Galiza e no resto do Estado veñen da man das empresas eléctricas e de combustíbeis fósiles, interesadas non en resolver os problemas asociados á xestión dos residuos, senón unicamente no negocio económico á conta das xenerosas axudas públicas (da UE, do Estado e da Xunta de Galicia) e á conta do mercado do CO₂.

4. A pesar dos seus impactos ambientais e sociais, están a proporse estes proxectos sen que exista un Plan Galego do Biogás. Reivindicamos unha planificación que regule exhaustivamente o establecemento deste tipo de instalacións, ao menos no que se refire aos seguintes aspectos:

- a) A localización das plantas de biometano en relación á vivendas e núcleos de poboación;
- b) A procedencia dos residuos a utilizar e ás máximas distancias que han de recorrer para chegar á planta de biogás ou biometano;
- c) A xestión integral do dixestato, sólido e líquido, desde que sae dos dixestores até que volve á terra.

Mentres non se aprobe dita planificación que regule o sector do biogás, debe establecerse unha moratoria estrita para estas instalacións industriais.

Galiza, xullo de 2026